

4. Incremento significativo na utilización de recursos naturais.

5. Afección a áreas de especial protección designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, ou a zonas húmidas incluídas na lista do Convenio de Ramsar.

l. Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos e que non se utilicen por máis de dous anos.

m. Urbanizacións de vacacións e complexos hoteleiros fóra de áreas urbanas e construcións asociadas.

n. Os proxectos que non estean recollidos no anexo I nin no II cando así o requira a normativa autonómica e por solicitude do órgano ambiental da comunidade autónoma en que estea localizado o proxecto, acreditando para iso que poidan ter efectos significativos no ambiente. A existencia de avaliación de impacto ambiental pola normativa autonómica poderá servir de acreditación para efectos deste punto.

Nota: o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico non impedirá a aplicación dos limiares establecidos neste anexo, para o cal se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

### ANEXO III

#### Criterios de selección previstos no número 2 do artigo 3

1. Características dos proxectos: as características dos proxectos deberán considerarse, en particular, desde o punto de vista:

- a. Do tamaño do proxecto.
- b. Da acumulación con outros proxectos.
- c. Da utilización de recursos naturais.
- d. Da xeración de residuos.
- e. Da contaminación e outros inconvenientes.
- f. Do risco de accidentes, considerando en particular as substancias e as tecnoloxías utilizadas.

2. Localización dos proxectos: a sensibilidade ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos deberase considerar tendo en conta, en particular:

- a. O uso existente do solo.
- b. A relativa abundancia, calidade e capacidade rexenerativa dos recursos naturais da área.
- c. A capacidade de carga do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

1. Zonas húmidas.
2. Zonas costeiras.
3. Áreas de montaña e de bosque.
4. Reservas naturais e parques.
5. Áreas clasificadas ou protexidas pola lexislación do Estado ou das comunidades autónomas; áreas de especial protección designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992.
6. Áreas en que se superaron xa os obxectivos de calidade ambiental establecidos na lexislación comunitaria.
7. Áreas de gran densidade demográfica.
8. Paisaxes con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica.

3. Características do potencial impacto: os potenciais efectos significativos dos proxectos deben considerarse en relación cos criterios establecidos nos anteriores números 1 e 2, e tendo presente, en particular:

- a. A extensión do impacto (área xeográfica e tamaño da poboación afectada).
- b. O carácter transfronteirizo do impacto.

c. A magnitude e complexidade do impacto.

d. A probabilidade do impacto.

e. A duración, frecuencia e reversibilidade do impacto.

## XEFATURA DO ESTADO

**1465** *CORRECCIÓN de erros da Lei 48/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/1990, do 26 de decembro, pola que se aproba o Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. («BOE» 24, do 28-11-2008.)*

Advertidos erros na publicación da Lei 48/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/1990, do 26 de decembro, pola que se aproba o Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 33, do 26 de decembro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Nas páxinas 52385 e 52386 no artigo 33, número 6, as alíneas «a) Entregas de bens», «b) prestacións de servizos» e «c) Non obstante o disposto...», que van precedidas de letras en minúsculas, deben ir precedidas das letras correspondentes en maiúsculas.

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**1628** *REAL DECRETO 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade. («BOE» 27, do 31-1-2008.)*

A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, sinala no seu artigo 25.2 que os programas de formación ocupacional e continua se desenvolverán de acordo co establecido na citada lei, así como na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e nas normas que se diten para a súa aplicación.

A este respecto, a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no número 1 do seu artigo 8 que os certificados de profesionalidade teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, acreditan as correspondentes cualificacións profesionais aos que os obtivesen e serán expedidos pola Administración laboral competente. A expedición dos certificados de profesionalidade corresponderá, de acordo co réxime de distribución de competencias na materia en que se incardina este real decreto, aos órganos competentes das comunidades autónomas. A Administración xeral do Estado expedirá os certificados de profesionalidade naqueles supostos en que a lexislación vixente lle reservase as competencias executivas en materia de formación profesional para o emprego ou cando non exista traspaso.

No mesmo número do artigo 8 da citada lei establécese que tanto os títulos de formación profesional como os certificados de profesionalidade terán os efectos que lles correspondan segundo a normativa da Unión Europea relativa ao sistema xeral de recoñecemento da formación profesional nos Estados membros da Unión e demais

Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Os citados títulos e certificados acreditan as correspondentes cualificacións profesionais aos que os obtivesen.

Por outra banda, o artigo 10.1 sinala que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se establece no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup> da Constitución e logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, determinará os títulos e os certificados de profesionalidade, que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Posto que os certificados de profesionalidade regulados neste real decreto acreditarán cualificacións contidas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, a súa correspondencia cos títulos de formación profesional garantizará a transparencia e a mobilidade.

Esta concepción integral da formación profesional, tanto a nivel europeo –a través do proceso de Copenhague, enmarcado no programa «Educación & formación 2010», como un dos obxectivos do Cumio de Lisboa– como na integración das ofertas de formación das administracións educativa e laboral, busca asegurar a mobilidade dos traballadores, a través da transparencia das cualificacións adquiridas nos diferentes subsistemas e Estados.

Neste sentido e atendendo ao disposto no artigo 8.5 do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, na redacción dada a este polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro, a oferta formativa de certificados de profesionalidade axustarase aos indicadores e requisitos mínimos de calidade que se establezan de mutuo acordo entre as administracións educativa e laboral, logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, que garantan os aspectos fundamentais dun sistema integrado de formación.

A este respecto, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais favorecerá a dita transparencia e mobilidade a través dos certificados de profesionalidade e tendo en conta a proposta de Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello relativa á creación do Marco Europeo de Cualificacións para a aprendizaxe permanente.

Os certificados de profesionalidade configúranse como acreditacións das competencias profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais adquiridas mediante: a experiencia laboral, vías non formais de formación e accións de formación profesional para o emprego, estas últimas nos termos previstos no artigo 7.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

Por último, cabe sinalar que este real decreto recolle métodos de aseguramento da calidade, tal como establece o artigo 36 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, tanto na configuración das ofertas formativas vinculadas a cada certificado de profesionalidade como no sistema de expedición dos certificados acreditativos das competencias profesionais adquiridas.

Así mesmo, as administracións públicas competentes promoverán nos seus respectivos ámbitos a mellora da calidade da formación profesional para o emprego, a súa eficiencia e eficacia, así como o impacto da devandita formación na empregabilidade dos traballadores e na competitividade das empresas.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Xeral da Formación Profesional, o Consello Nacional da Discapacidade e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de

Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xaneiro de 2008,

## DISPÕÑO:

### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto regular os certificados de profesionalidade, en aspectos esenciais tales como os seus efectos, estrutura e contido, as vías para a súa obtención e os relativos á impartición e avaliación das correspondentes ofertas de formación profesional para o emprego, de acordo co establecido na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

### Artigo 2. *Os certificados de profesionalidade.*

1. O certificado de profesionalidade é o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da Administración laboral, que acredita a capacitación para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación para o emprego e asegura a formación necesaria para a súa adquisición, no marco do subsistema de formación profesional para o emprego regulado no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

Un certificado de profesionalidade configura un perfil profesional entendido como conxunto de competencias profesionais identificable no sistema produtivo, e recoñecido e valorado no mercado laboral.

2. Os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, sen que isto constitúa regulación do exercicio profesional, e serán expedidos polo Servizo Público de Emprego Estatal e polos órganos competentes das comunidades autónomas.

3. Cada certificado de profesionalidade acreditará unha cualificación profesional do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Con carácter excepcional, e cando o perfil profesional así o requira, o certificado de profesionalidade poderá recoller menos unidades das definidas na cualificación profesional de referencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

En ambos os casos a unidade de competencia constitúe a unidade mínima acreditable para obter un certificado de profesionalidade.

4. Os módulos formativos do certificado de profesionalidade serán os do Catálogo Modular de Formación Profesional

5. O Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade é o conxunto dos certificados de profesionalidade ordenados sectorialmente nas actuais 26 familias profesionais e de acordo cos niveis de cualificación establecidos nos anexos I e II do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, modificado polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro.

### Artigo 3. *Finalidade.*

Os certificados de profesionalidade teñen por finalidade:

a) Acreditar as cualificacións profesionais ou as unidades de competencia recollidas neles, independentemente da súa vía de adquisición, ben sexa a través da vía formativa ou mediante a experiencia laboral ou vías non formais de formación segundo o que se estableza no desenvolvemento do artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

b) Facilitar a aprendizaxe permanente de todos os cidadáns mediante unha formación aberta, flexible e

accesible, estruturada de forma modular, a través da oferta formativa asociada ao certificado.

c) Favorecer, tanto a nivel nacional como europeo, a transparencia do mercado de traballo a empregadores e a traballadores.

d) Ordenar a oferta formativa do subsistema de formación profesional para o emprego vinculada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

e) Contribuír á calidade da oferta de formación profesional para o emprego.

f) Contribuír á integración, transferencia e recoñecemento entre as diversas ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Para conseguir estes fins contarase coa participación de todos os axentes implicados na formación profesional.

#### Artigo 4. *Estrutura e contido do certificado de profesionalidade.*

Cada un dos certificados de profesionalidade incluírá os seguintes puntos:

1. Identificación do certificado de profesionalidade.

a) Denominación.

b) Familia profesional.

c) Nivel.

d) Cualificación profesional de referencia.

e) Relación de unidades de competencia que configuran o certificado de profesionalidade.

f) Competencia xeral.

g) Ámbito profesional.

h) Duración en horas da formación asociada.

i) Relación de módulos formativos do Catálogo Modular de Formación Profesional.

2. Perfil profesional do certificado de profesionalidade. Será definido pola cualificación profesional ou, de ser o caso, polas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais a que dea resposta o certificado de profesionalidade. Incluírá información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente, de ser o caso, para o exercicio profesional.

3. Formación do certificado de profesionalidade. Estará composta polo desenvolvemento de cada un dos módulos formativos do Catálogo Modular de Formación Profesional asociados a cada unidade de competencia do certificado de profesionalidade. Así mesmo, incluírá a duración, os requisitos de espazos, instalacións e equipamentos, que responderán sempre a medidas de accesibilidade e seguranza dos participantes, e as prescricións sobre formadores e alumnos que garantan a calidade da oferta.

#### Artigo 5. *Módulos formativos do certificado de profesionalidade.*

1. Enténdese por módulo formativo do certificado de profesionalidade o bloque coherente de formación asociado a cada unha das unidades de competencia que configuran a cualificación acreditada mediante o certificado de profesionalidade.

2. Cada módulo formativo incluírá os datos de identificación, as especificacións da formación e os parámetros do contexto formativo para impartilo.

3. Os datos de identificación corresponderán á denominación do módulo formativo, o nivel, o código, a unidade de competencia a que está asociado e a duración expresada en horas.

4. As especificacións da formación expresaranse a través das capacidades e os seus correspondentes criterios de avaliación, as capacidades que se deban desenvol-

ver nun ámbito real de traballo, o desenvolvemento dos contidos que permitan acadar tales capacidades e, de ser o caso, as unidades formativas e as orientacións metodolóxicas para impartir o módulo.

As capacidades que deben ser adquiridas nun ámbito real de traballo, do conxunto de módulos formativos que configuran o certificado de profesionalidade, organizaranse nun módulo de formación práctica que se desenvolverá, con carácter xeral, nun centro de traballo. Esa formación terá carácter de práctica profesional non laboral e desenvolverase a través dun conxunto de actividades profesionais que permitirán completar as competencias profesionais non adquiridas no contexto formativo.

5. Os parámetros e criterios do contexto formativo para impartir o módulo formativo estarán constituídos:

a) Polos requisitos mínimos que deben ter os formadores para a súa impartición.

b) Polos requisitos mínimos sobre os espazos, instalacións e equipamentos necesarios para o proceso de ensino-aprendizaxe e a adquisición da competencia profesional correspondente.

c) Polos criterios de acceso dos alumnos, que asegurarán que estes contan coas competencias clave suficientes para cursar con aproveitamento a formación.

Aos alumnos que accedan ás accións de formación dos certificados de profesionalidade de nivel 1 de cualificación non se lles exixirán requisitos académicos nin profesionais.

#### Artigo 6. *Unidades formativas.*

1. De acordo co establecido no número 4 do artigo 5 deste real decreto, e co fin de promover a formación ao longo da vida, o Servizo Público de Emprego Estatal con carácter xeral, sempre que proceda, subdividirá para a súa impartición os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade que superen as 90 horas, en unidades formativas de menor duración que, en todo caso, non poderán ser inferiores a 30 horas de duración.

Con carácter xeral, o número máximo de unidades formativas en que se poderá subdividir cada módulo non será superior a tres.

A subdivisión dos módulos formativos en unidades formativas terá en conta as propostas acordadas polas comisións paritarias sectoriais para os seus plans de referencia, así como os traballos avanzados polas comunidades autónomas.

O Instituto Nacional das Cualificacións apoiará tecnicamente o Servizo Público de Emprego Estatal na realización destes traballos.

2. Estas unidades formativas, que se recollerán no ficheiro de especialidades formativas, serán certificables sempre que se desenvolven cos requisitos de calidade establecidos para impartir o módulo a que pertencen.

A certificación terá validez no ámbito da Administración laboral. A superación de todas as unidades formativas definidas para o módulo, sempre que o participante curse de forma consecutiva, polo menos, unha unidade formativa por ano, dará dereito á certificación de módulo formativo e á acreditación da unidade de competencia correspondente.

3. Cada unidade formativa incluírá os datos de identificación, capacidades, criterios de avaliación e contidos.

4. As competencias profesionais adquiridas en unidades formativas derivadas dos traballos avanzados polas comisións paritarias sectoriais e polas comunidades autónomas teranse en conta con carácter preferente para os efectos do recoñecemento das competencias profesionais, mediante o procedemento que se estableza no desenvolvemento normativo do artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño.



De ser o caso, tamén poderá ser tida en conta a impartición dos módulos formativos cando se adaptasen en función das características e a experiencia do colectivo destinatario.

5. Os requisitos para impartir as unidades formativas serán os do módulo formativo do certificado de profesionalidade que corresponda.

#### *Artigo 7. Elaboración e actualización dos certificados de profesionalidade.*

1. O Servizo Público de Emprego Estatal, coa colaboración dos centros de referencia nacional, elaborará e actualizará os certificados de profesionalidade, que serán aprobados mediante real decreto, logo de informe do Consello Xeral de Formación Profesional e do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

2. A elaboración e actualización dos certificados de profesionalidade levarase a cabo a partir das cualificacións incorporadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

3. Sempre que se modifiquen ou actualicen as cualificacións profesionais ou as unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións incluídas en certificados de profesionalidade, segundo o previsto no artigo 9 do Real decreto 1128/2003, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, segundo a redacción dada a este polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro, procederase á súa revisión e actualización.

4. As comunidades autónomas e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas a nivel nacional poderanlle propor ao Servizo Público de Emprego Estatal novos certificados de profesionalidade.

#### *Artigo 8. Vías para a obtención dos certificados de profesionalidade.*

1. O certificado de profesionalidade pódese obter a través da superación de todos os módulos formativos correspondentes ao certificado de profesionalidade, ou mediante os procedementos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación que se establezan no desenvolvemento normativo do artigo 8.4 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

2. Tamén se poderán obter mediante a acumulación de acreditacións parciais das unidades de competencia que comprenda o certificado de profesionalidade.

#### *Artigo 9. Accións de formación correspondente aos certificados de profesionalidade.*

1. Enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición e mellora das competencias profesionais das cualificacións profesionais, e, se é o caso, unidades de competencia do certificado, podéndose estruturar en varios módulos con obxectivos, contidos e duración propios, de acordo co establecido no artigo 7.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

2. O subsistema de formación profesional para o emprego preverá nas súas ofertas formativas, tanto de ámbito estatal como autonómico, accións formativas dirixidas á adquisición da cualificación e competencias profesionais recollidas no correspondente certificado de profesionalidade.

3. A oferta formativa dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade poderase realizar pola totalidade dos módulos formativos asociados a el, ou ben por módulos formativos asociados a cada unha das unidades de competencia que comprenda o certificado de profesio-

nalidade, ofertados de modo independente, para efectos de favorecer a acreditación das ditas unidades de competencia.

4. As administracións públicas competentes poderán ofertar, xunto coas accións formativas de determinados certificados de profesionalidade, outros módulos non asociados a unidades de competencia que aseguren a formación mínima necesaria para o aproveitamento da formación, en relación co disposto no artigo 5.5. deste real decreto. Os gastos para impartir estes módulos terán carácter elixible para os efectos de imputalos ás transferencias de fondos que as comunidades autónomas reciben do Estado.

5. As administracións públicas competentes poderán ofertar outros módulos, xunto coa acción formativa dirixida á obtención do certificado de profesionalidade relativos a tecnoloxías da información e a comunicación, idiomas, traballo en equipo, prevención de riscos laborais, orientación profesional e outras materias transversais ou que se consideren dentro das directrices marcadas pola Unión Europea.

#### *Artigo 10. Modalidades de impartición da formación referida aos certificados de profesionalidade.*

1. A formación poderase impartir de forma presencial, á distancia, teleformación ou mixta.

2. Cando a acción ou módulo formativo inclúan, en todo ou en parte, formación á distancia, esta deberase realizar con soporte didácticos que permitan un proceso de ensino-aprendizaxe sistematizado para o participante, que necesariamente será complementado con asistencia tutorial.

3. A modalidade de impartición mediante teleformación entenderase realizada cando as accións formativas se leven a cabo en todo ou en parte a través das tecnoloxías da información e comunicación, posibilitando a interactividade de alumnos, titores, docentes e recursos situados en distinto lugar. Necesariamente será complementada con asistencia tutorial.

4. A norma que regule cada certificado de profesionalidade determinará as condicións en que os módulos formativos poderán ser ofertados nas distintas modalidades, en función da natureza dos contidos e dos colectivos destinatarios.

#### *Artigo 11. Programas de formación en alternancia co emprego.*

1. Nos programas de formación en alternancia co emprego, os contidos da formación serán os correspondentes aos módulos formativos asociados ás unidades de competencia dos certificados de profesionalidade cando corresponda coa ocupación relacionada co oficio ou posto de traballo previsto no contrato laboral.

Terán esa consideración as accións formativas dos contratos para a formación e os programas públicos de formación e emprego (escolas obradoiro e casas de oficios e obradoiros de emprego).

2. Os alumnos dos programas de formación en alternancia co emprego estarán exentos do módulo de formación práctica en centro de traballo.

3. Os alumnos que superen os módulos daqueles programas de formación en alternancia que dean resposta a módulos formativos referidos a unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel un do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais obterán o certificado de profesionalidade ou a acreditación parcial correspondente expedidos polo órgano competente da comunidade autónoma, que terá efectos de acreditación das competencias profesionais adquiridas en relación co

Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

**Artigo 12. Centros que impartan accións formativas correspondentes aos certificados de profesionalidade.**

1. Os centros que impartan accións formativas correspondentes a certificados de profesionalidade deberán reunir os requisitos especificados nos reais decretos que regulen eses certificados.

2. As accións formativas correspondentes a certificados de profesionalidade só se poderán impartir nos seguintes centros:

a) Centros integrados de formación profesional conforme o disposto no Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional. Nestes centros, a programación da oferta modular asociada a unidades de competencia incluídas en títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade será a mesma.

b) Centros ou entidades de formación públicos e privados acreditados pola Administración laboral competente segundo o establecido no artigo 9 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

c) Centros de referencia nacional, segundo o disposto no artigo 11.7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional e na norma que regule os requisitos dos citados centros.

**Artigo 13. Formadores.**

1. Para poder impartir a formación correspondente a cada un dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade, os formadores deberán reunir os requisitos específicos que se inclúan nel. Estes requisitos deben garantir o dominio dos coñecementos e as técnicas relacionadas coa unidade de competencia a que está asociado o módulo, e acreditaranse mediante a correspondente titulación e/ou experiencia profesional no campo das competencias relacionadas co módulo formativo.

En calquera caso, para impartir os módulos formativos dos certificados de profesionalidade, será requisito que o formador acredite posuír a competencia docente que determine o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

2. Nos centros integrados de titularidade pública poderá impartir as accións formativas o persoal a que se refire o artigo 15.2 do Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional, cando reúnan os requisitos específicos dispostos nos certificados de profesionalidade.

3. Tamén poderán ser contratados como expertos, para impartiren determinados módulos, de acordo co artigo 15.3 do Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, profesionais cualificados para impartir aquelas ensinanzas que pola súa natureza o requiran e que se especificarán en cada certificado de profesionalidade.

**Artigo 14. Avaliación do módulo formativo.**

1. A avaliación do alumno realizarase por módulos e, de ser o caso, por unidades formativas, de forma sistemática e continua, co obxecto de comprobar os resultados da aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais.

2. Esta avaliación será realizada polos formadores que impartan as accións formativas, a través de métodos e instrumentos que garantan a súa fiabilidade e validez,

tomando como referencia as capacidades e os criterios de avaliación establecidos para cada un dos módulos formativos asociados ás súas correspondentes unidades de competencia.

3. Os formadores reflectirán documentalmente os resultados obtidos polos alumnos en cada un dos módulos formativos do certificado, de maneira que poidan estar dispoñibles nos procesos de seguimento e control da calidade das accións formativas. Así mesmo, elaborarán unha acta de avaliación en que quedará constancia dos resultados obtidos polos alumnos, indicando se adquiriron ou non as capacidades dos módulos formativos e, polo tanto, a competencia profesional das unidades ás cales están asociados.

4. Para obter a acreditación das unidades de competencia, será necesario superar con avaliación positiva, en termos de apto ou non apto, os módulos formativos asociados a cada unha delas.

5. O centro que imparta os módulos formativos correspondentes a certificados de profesionalidade deberá entregar, nun prazo non superior a tres meses, a acta de avaliación e os documentos onde se reflectan os resultados desta ao rexistro das administracións laborais a que se refire o artigo 16, que será o responsable da súa custodia.

**Artigo 15. Experiencia laboral e vías non formais de formación.**

1. Cando as competencias profesionais se adquirisen a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, o acceso ao procedemento para obter o certificado de profesionalidade ou dunha acreditación parcial acumulable realizarase segundo os requisitos e procedementos que se establezan en desenvolvemento normativo do artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

2. As administracións públicas competentes en materia laboral garantiránlle á poboación activa a posibilidade de acceder pola vía da experiencia laboral e por vías non formais de formación á avaliación e recoñecemento das súas competencias profesionais.

3. Os que acrediten unha experiencia laboral que corresponda co ámbito profesional do certificado de profesionalidade poderán quedar exentos total ou parcialmente do módulo de formación práctica en centros de traballo.

En calquera caso, os reais decretos que establezan os certificados de profesionalidade determinarán as condicións desa exención.

**Artigo 16. Expedición dos certificados de profesionalidade.**

1. Os certificados de profesionalidade expediránse-lles aos que o solicitasen e demostren que superaron os módulos correspondentes a ese certificado, ou ben obtivesen o recoñecemento e a acreditación de todas as unidades de competencia que o compoñen mediante o procedemento que se estableza no desenvolvemento normativo do artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional. O modelo de solicitude de certificado de profesionalidade é o recollido no anexo I deste real decreto.

2. Os que non superen a totalidade dos módulos asociados ao certificado de profesionalidade e superen os módulos asociados a unha ou varias unidades de competencia deste, recibirán unha certificación dos módulos superados que terá efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas, segundo o modelo establecido no anexo II deste real decreto.

3. A expedición dos certificados de profesionalidade corresponderá á Administración laboral competente. O modelo de documento acreditativo do certificado de profesionalidade, así como as súas características técnicas, establécense, así mesmo, no anexo II deste real decreto.

#### Artigo 17. *Rexistro dos certificados de profesionalidade.*

1. As administracións laborais competentes deberán levar un rexistro nominal e por especialidades (denominación) dos certificados de profesionalidade e das acreditacións parciais acumulables expedidas.

2. Para os efectos de garantir a transparencia do mercado de traballo e facilitar a libre circulación de traballadores, existirá un rexistro xeral no Sistema Nacional de Emprego, coordinado polo Servizo Público de Emprego Estatal e instrumentado a través do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego, ao cal deberán comunicar telematicamente e en tempo real as inscricións efectuadas nos rexistros a que se refire o parágrafo anterior.

3. As especificacións técnicas do rexistro de certificados de profesionalidade e das acreditacións parciais acumulables establécense no anexo III.

4. As persoas que obtivesen a acreditación de unidades de competencia na administración educativa poderán solicitar a inclusión no citado rexistro.

5. O tratamento e cesión dos datos derivados do disposto neste artigo efectuarase, en todo caso, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 18. *Avaliación, seguimento e control das accións formativas.*

1. De acordo co establecido nos artigos 16 e 17 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e co fin de asegurar a eficacia das accións formativas e a súa adecuación permanente ás necesidades do mercado de traballo, a planificación, execución, seguimento e supervisión correspondentes á oferta formativa conducente aos certificados de profesionalidade axustarase ao que se estableza na normativa do subsistema de formación profesional para o emprego.

As administracións públicas competentes establecerán as medidas necesarias para organizar a oferta formativa.

2. As accións conducentes aos certificados de profesionalidade axustaranse aos dispositivos de calidade que se implanten no subsistema de formación profesional para o emprego, e serán sometidas a un proceso de avaliación, seguimento e control, segundo o plan anual de avaliación que determine o Servizo Público de Emprego Estatal, en coordinación coas comunidades autónomas, e nos termos acordados pola Comisión Estatal de Formación Profesional para o Emprego. O citado plan incluirá, ademais, para os certificados de profesionalidade, accións de control e avaliación internas e externas sobre esas accións formativas, con fins de diagnóstico e mellora da calidade, aínda que non vinculadas á obtención dos propios certificados.

3. O plan anual de avaliación favorecerá o desenvolvemento dos procesos de avaliación do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional e proporcionará datos que contribuirán á súa mellora.

#### Disposición adicional primeira. *Equivalencias.*

1. A Administración laboral expedirá a quen llo solicite o certificado de profesionalidade correspondente sempre que, a través das ensinanzas cursadas no sistema educativo, obtívase a certificación académica que acre-

dite a superación da totalidade dos módulos profesionais asociados ás unidades de competencia que conformen o devandito certificado de profesionalidade, segundo o disposto na disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

2. As unidades de competencia acreditadas por un certificado de profesionalidade ou unha acreditación parcial acumulable, expedida pola Administración laboral competente, serán recoñecidas pola Administración educativa e producirán os efectos de validación do módulo ou módulos profesionais correspondentes de acordo cos reais decretos polos que se establecen cada un dos títulos de formación profesional aos que o soliciten.

#### Disposición adicional segunda. *Oferta formativa a grupos con especiais dificultades de integración laboral.*

As administracións públicas competentes, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, poderán realizar ofertas formativas adaptadas ás necesidades específicas dos mozos e mozas con fracaso escolar, as persoas con discapacidade, minorías étnicas, parados de longa duración, mulleres vítimas de violencia de xénero e, en xeral, persoas con risco de exclusión social. Esas ofertas, ademais de incluíren módulos asociados ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, poderán incorporar módulos apropiados para a adaptación ás necesidades específicas do colectivo beneficiario. As competencias profesionais adquiridas nestes módulos poderán ser avaliadas e acreditadas cando sexan incorporados ao citado catálogo, de acordo co procedemento que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 8 da citada lei.

#### Disposición adicional terceira. *Acceso á información.*

O acceso polo Ministerio de Educación e Ciencia, para o exercicio das competencias atribuídas a este pola lei, ao Rexistro de certificados de profesionalidade e acreditacións parciais do Servizo Público de Emprego Estatal realizarase de acordo co que se estableza en convenio co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e coas garantías que se establecen na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### Disposición transitoria primeira. *Vixencia de certificados de profesionalidade.*

Os traballadores que completasen ou completen con avaliación positiva a formación asociada a un certificado de profesionalidade poderán solicitar que lles sexa expedido o correspondente certificado, sempre que esa formación se realizase durante a vixencia do real decreto que o regule.

Para estes efectos recoñecerase a formación realizada a través de cursos de formación ocupacional do Plan de Formación e Inserción Profesional, así como dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego xestionados pola Administración laboral competente.

#### Disposición transitoria segunda. *Procesos experimentais.*

Os que superasen as probas de avaliación aplicadas nos procesos experimentais realizados pola Administración laboral competente poderán solicitar que lles sexa expedido o correspondente certificado de profesionalidade.



Disposición transitoria terceira. *Formación de formadores.*

As administracións públicas competentes garantirán a oferta suficiente de formación de formadores que dea resposta aos requisitos establecidos no artigo 12.1 deste real decreto.

Os formadores que acrediten unha experiencia docente igual ou superior a dous anos terán recoñecida a competencia a que se refire o devandito artigo.

Disposición transitoria cuarta. *Probas de certificación.*

Mentres non se probe a normativa de desenvolvemento do artigo 8.2 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, relativo ao procedemento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, continuarán vixentes as disposicións relativas ás probas de certificación, contidas no Real decreto 1506/2003, do 28 de novembro, polo que se establecen as directrices dos certificados de profesionalidade e, polo tanto, poderanse seguir realizando convocatorias de probas para a obtención dos certificados de profesionalidade ao abeiro deste, así como da Orde TAS/ 470/2004, do 19 de febreiro, que o desenvolve.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1506/2003, do 28 de novembro, polo que se establecen as directrices dos certificados de profesionalidade.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude das competencias que se atribúen ao Estado no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución española, e ao abeiro do establecido nos artigos 8, 10.1 e 11.1, disposición adicional cuarta e disposición derradeira terceira da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

**ANEXO I****SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE**

Para a solicitude de certificados de profesionalidade, con carácter xeral, débese incorporar como mínimo a información que figura no modelo adxunto, de maneira especial o escudo do FSE, permitindo que cada comunidade insira o seu escudo.



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

Administración ante a que se solicita \_\_\_\_\_ (1)

Datos do solicitante:

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome

DNI/NIE	Sexo	Domicilio

Localidade	Provincia	Teléfono	Data de nacemento

Solicita que lle sexa expedido:

Certificado de profesionalidade de \_\_\_\_\_  
por considerar que cumpre os requisitos establecidos no Real decreto \_\_\_\_\_

Para o que se achega a seguinte documentación acreditativa:

Fotocopia compulsada do documento acreditativo expedido por \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ (2) en que se reflicte a avaliación positiva nos módulos  
correspondentes ao conxunto das unidades de competencia do certificado de profesionalidade que solicita.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asinado: \_\_\_\_\_

- (1) Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou Comunidade Autónoma  
Órgano competente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou Comunidade Autónoma  
(2) Administración laboral ou educativa competente

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos facilitados neste formulario serán incorporados aos ficheiros do SPEE coa finalidade de poder xestionar os dereitos derivados do recoñecemento da súa solicitude.



## SOLICITUDE DE ACREDITACION DE UNIDADES DE COMPETENCIA DAS CUALIFICACIÓNS (ACREDITACION PARCIAL ACUMULABLE)

Para a solicitude de acreditacións de unidades de competencia, con carácter xeral, débese incorporar, como mínimo, a información que figura no modelo adxunto, de maneira especial o escudo do FSE, permitindo que cada comunidade estableza o seu escudo.



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

Administración ante a que se solicita \_\_\_\_\_ (1)

Datos do solicitante:

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome

DNI/NIE	Sexo	Domicilio

Localidade	Provincia	Teléfono	Data de nacemento

Solicita que lle sexa expedida:

Acreditación das unidades de competencia

Certificado de profesionalidade \_\_\_\_\_

Real decreto \_\_\_\_\_

Unidades de competencia \_\_\_\_\_

Para o que se achega a seguinte documentación acreditativa:

Fotocopia compulsada do documento acreditativo expedido por \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ (2) en que se reflicte a avaliación positiva nos módulos correspondentes  
ás unidades de competencia das que se solicita a acreditación.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asinado: \_\_\_\_\_

- (1) Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais ou Comunidade Autónoma  
Órgano competente do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais ou Comunidade Autónoma  
(2) Administración laboral ou educativa competente

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos facilitados neste formulario serán incorporados aos ficheiros do SPEE coa finalidade de poder xestionar os dereitos derivados do recoñecemento da súa solicitude.

## ANEXO II

### CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DE IMPRESIÓN PARA OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

1.- Os certificados de profesionalidade establecidos neste real decreto serán expedidos de acordo coas seguintes características:

a) O soporte dos certificados de profesionalidade será o material especificado no número 2 deste anexo e levará incorporadas determinadas marcas de seguraza. No proceso de impresión de atributos e na personalización dos títulos incorporaranse, así mesmo, marcas de seguraza contra a falsificación.

Por razóns de seguraza, as características básicas dos soportes que se determinan neste anexo poderán ser actualizadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais en coordinación coas administracións autonómicas competentes.

b) Os soportes levarán incorporado o escudo de España coas características definidas pola Lei 33/1981, do 5 de outubro, e o Real decreto 2964/1981, do 18 de decembro.

c) Figurarán no ángulo inferior esquerdo os logotipos do Servizo Público de Emprego Estatal e do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, se é caso, da comunidade autónoma competente.

Tamén figurará no ángulo inferior dereito o logotipo do Fondo Social Europeo, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) n.º 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Neste caso o escudo de España situarase na parte superior esquerda e o da comunidade na parte superior dereita.

d) Estarán numerados mediante series alfanuméricas relacionadas no anexo III, que regula o rexistro de certificados de profesionalidade. Esta numeración aparecerá no ángulo inferior esquerdo fóra da orla coa denominación: clave de rexistro.

e) Os certificados levarán impreso todo o seu texto, así como as sinaturas dos cargos que teñan a competencia atribuída na Administración da comunidade autónoma respectiva. Os certificados que corresponde expedir ao ministro de Traballo e Asuntos Sociais levarán impresa a sinatura desa autoridade.

f) Non se incorporará inscrición ningunha non impresa no anverso, salvo a sinatura do interesado.

2.- Os materiais dos soportes, características mínimas de seguraza, formatos e tamaños dos certificados de profesionalidade serán os seguintes:

I. Características dos elementos que se vaian empregar:

a) Papel:

1.º Composición fibrosa: sen pasta mecánica (ou similares) nin pasta semiquímica.

2.º Grao de brancura de 80 a 86 por 100 (norma UNE 57-062).

3.º Opacidade: » 93 por 100 (UNE 57-063).

4.º Porosidade: entre 100 e 200 ml/min medido en aparello Bendtsen (UNE 57-066).

5.º Lisura: Entre 150 e 300 ml/min medio en aparello Bendtsen (UNE 57-080).

6.º Resistencia mecánica á rotura (UNE 57-028):

Lonxitude de rotura, en sentido lonxitudinal, » 5,8 km.

Lonxitude de rotura, en sentido transversal, » 3 km.

7.º Alongamento:

En sentido lonxitudinal » 2 por 100.

En sentido transversal » 3,5 por 100.

8.º Estabilidade dimensional, en sentido transversal > 2 por 100, por inmersión á auga (UNE 57-049).

9.º Levar perfectamente indicada a dirección da fibra ou sentido máquina.

10.º Índice de resgadura: » ao 70 media das medidas na dirección lonxitudinal e transversal do papel (UNE 57 033).

11.º Ter unha gramaxe de 160 g/m<sup>2</sup> (± 4 por 100) (UNE 57-009).

12.º O soporte debe ter un pH entre 7 e 9.

13.º Carente de branqueadores ópticos.

b) Tintas:

As tintas utilizadas na impresión deben ser fisicoquimicamente estables e de forma especial fronte á abrasión e ao efecto decolorante da luz:

1.º Solidez á luz: mínimo admisible «5» na escala de la.

2.º Tratamento adicional de protección para elevar a solidez, especialmente nos tons do contorno do amarelo maxenta.

3.º Protección das tintas metalizadas contra a oxidación.

4.º As tintas invisibles, especialmente o azul, deben ser ancorables e resistentes á migración e corremento.

c) Cores:

O escudo de España deberá reunir os requisitos establecidos na Lei 33/1981, do 5 de outubro, e no Real decreto 2964/1981, do 18 de decembro, aínda que o vermello pode obterse de masas de maxenta e amarelo, e o verde de masas de ciano e amarelo, mantendo as demais cores co obxecto de minorar a utilización de tintas.

O texto «Juan Carlos I, Rei de España» irá impreso en azul ciano.

O fondo da cartela deberá ir estampado nunha trama de 133 liñas por centímetro cadrado, a un 20 por 100 de cor amarela (pantone 130 U).

Os escudos das comunidades autónomas deberán reunir os requisitos establecidos nas súas respectivas normas reguladoras.

II.- Características mínimas de seguranza:

a) Papel:

1.º Atributos luminescentes incluídos na masa do soporte en dúas cores (a determinar).

2.º Reactivo contra borrado químico.

3.º Marca á auga do escudo de España de 2,5 centímetros de alto no ángulo inferior esquerdo da cartela, que se determina no seguinte punto de formatos e tamaños.

b) Impresión:

1.º Tintas luminescentes visibles.

2.º Tintas luminescentes invisibles.

3.º Tintas metaméricas cun máximo dun 20 por 100 de diferenza de intensidade.

c) Atributos:

1.º Control alfanumérico.

2.º Número de rexistro.

3.º Selo en seco.


III- Formas e tamaños:

A impresión realizarase nun só tamaño de papel UNE A-3 (297 × 420 milímetros en formato horizontal).

A cartela nos modelos irá centrada ao eixe vertical cunha marxe superior de 97 milímetros e unha marxe inferior de 30 milímetros.

Haberá tres modelos que se achegan, un para os certificados expedidos polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais, outro para as comunidades autónomas cun único idioma oficial e outro para as comunidades autónomas bilingües.





**JUAN CARLOS I REY DE ESPAÑA**

y en su nombre

**EL/LA MINISTRO/A DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES**

considerando que conforme a las disposiciones y circunstancias previstas por la legislación vigente

**Don/Doña** .....  
nacido/a el ..... de ..... de .....  
ha demostrado poseer las competencias establecidas en el R.D. ....

Expide el

**CERTIFICADO DE PROFESIONALIDAD**  
de .....

Nivel de cualificación .....

Otorgado en ..... a ..... de .....


Con carácter oficial y validez en todo el territorio nacional

El/La interesado/a

El/La Ministro/a de Trabajo y Asuntos Sociales



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo



ESCUDO DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA

# JUAN CARLOS I REY DE ESPAÑA

y en su nombre

## EL/LA CONSEJERO/A DE COMUNIDAD AUTÓNOMA RESPECTIVA

considerando que conforme a las disposiciones y circunstancias previstas por la legislación vigente

Don/Doña .....  
nacido/a el ..... de .....  
ha demostrado poseer las competencias establecidas en el R.D.

Expede el  
**CERTIFICADO DE PROFESIONALIDAD**  
de .....

Nivel de cualificación .....  
Otorgado en ..... a ..... de .....


Con carácter oficial y validez en todo el territorio nacional

El/La Interesado/a .....  
El/La Consejero/a  
de la Comunidad Autónoma  
respectiva



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

ESCUDO DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA



ESCUDO DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA

# JUAN CARLOS I REY DE ESPAÑA

y en su nombre

## EL/LA CONSEJERO/A DE COMUNIDAD AUTÓNOMA RESPECTIVA

considerando que, conforme a las disposiciones y circunstancias previstas por la legislación vigente

Don/Doña

nacido/a el de

ha demostrado poseer las competencias establecidas en el

R.D.

Expide el

### CERTIFICADO DE PROFESIONALIDAD de

Nivel de cualificación

Otorgado en a de de

Con carácter oficial y validez en todo el territorio nacional

El/La Interesado/a

El/La Consejero/a de la Comunidad Autónoma respectiva



UNIÓN EUROPEA Fondo Social Europeo

ESCUDO DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA



**MODELO DE ACREDITACIÓN DE UNIDADES DE COMPETENCIA DAS  
CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS (ACREDITACION PARCIAL ACUMULABLE)  
MEDIANTE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE**



MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES  
SERVICIO PUBLICO DE EMPLEO ESTATAL

**ACREDITACIÓN DE UNIDADES DE COMPETENCIA DE LAS  
CUALIFICACIONES PROFESIONALES**

EL/La Director/a General del Servicio Publico de Empleo Estatal

**CERTIFICA :**

Que D/Dña \_\_\_\_\_  
nacido el \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ ha superado los módulos  
formativos asociados a las Unidades de Competencia:

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Nivel de Cualificación</u>
---------------	---------------------	-------------------------------

Del certificado de profesionalidad \_\_\_\_\_  
Regulado por el real decreto \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

El /La Director/a General del Servicio  
Público de Empleo Estatal

**ESCUDO  
DA  
COMUNIDADE  
AUTÓNOMA**



## **ACREDITACIÓN DE UNIDADES DE COMPETENCIA DAS CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS**

O/a director/a \_\_\_\_\_ da Comunidade Autónoma

### **CERTIFICA:**

Que D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,  
nado/a o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, superou os módulos  
formativos asociados ás unidades de competencia:

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Nivel de Cualificación</u>
---------------	---------------------	-------------------------------

Do certificado de profesionalidade \_\_\_\_\_  
Regulado polo Real decreto \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_  
O/a \_\_\_\_\_  
da Comunidade Autónoma

### ANEXO III

#### SOBRE O REXISTRO DE CERTIFICADOS E DE ACREDITACIÓN DE UNIDADES DE COMPETENCIA DAS CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS

O artigo 16 deste real decreto establece que as administracións laborais competentes deberán levar un rexistro nominal e por especialidades de certificados de profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables expedidas:

1. Especificacións técnicas do rexistro de certificados de profesionalidade e das acreditacións parciais acumulables

A clave identificativa dos certificados de profesionalidade e as unidades de competencia, para a súa inclusión no rexistro xeral será un código único. Comporase de dous díxitos indicativos do organismo que emite o certificado, seguidos de dous díxitos representativos do ano en que se expide, outros oito díxitos correspondentes ao número de orde e o identificador do certificado de profesionalidade e o da unidade de competencia cando proceda.

No caso de que o certificado ou a acreditación da unidade de competencia fosen expedidos pola Administración xeral do Estado, os dous primeiros díxitos serán 20.

Os datos que deberán conter estes certificados para o seu rexistro serán os seguintes:

Clave de rexistro:

00 / 00 / 00000000 / XXXX00.

Código da comunidade autónoma / ano / número de orde / código do certificado de profesionalidade.

No caso das acreditacións parciais acumulables, engadiráselles o código da unidade de competencia: 0000

Titular:

Primeiro apelido.

Segundo apelido.

Nome.

Identificador no Sistema Nacional de Emprego

Sexo: V ou M.

Data de nacemento:

Data de outorgamento DD/MM/AAAA.

Data de outorgamento.

Este rexistro recollerá as acreditacións de unidades de competencia das cualificacións profesionais daquelas persoas que, non tendo obtido o certificado de profesionalidade, superasen os módulos formativos asociados a unha ou varias unidades de competencia. A clave identificativa deste rexistro será análoga á dos certificados de profesionalidade.

2. Códigos das comunidades autónomas e cidades autónomas utilizados para o rexistro de certificado de profesionalidade e para o rexistro de acreditación de unidades de competencia de as cualificacións profesionais

##### Código comunidades

01 Andalucía.	11 Extremadura.
02 Aragón.	12 Galicia
03 Principado de Asturias.	13 Madrid.
04 Illes Ballears.	14 Región de Murcia.
05 Canarias.	15 Foral de Navarra.
06 Cantabria.	16 País Vasco.
07 Castilla-La Mancha.	17 La Rioja
08 Castilla y León	18 Ceuta.
09 Cataluña.	19 Melilla.
10 Comunidade Valenciana	